



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución idioma 2, II: Inglés-Español

Materia	Tradución idioma 2, II: Inglés-Español			
Código	V01G230V01507			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua impartición				
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Lorenzo García, María Lourdes			
Profesorado	López González, Rebeca Cristina Lorenzo García, María Lourdes			
Correo-e	llorenzo@uvigo.es			
Web	http://			
Descrición xeral	A materia concíbese como un espazo didáctico en que a/o alumna/o deberá alcanzar competencia na resolución de problemas de dificultade media de tradución de textos xerados en contextos xerais de dificultade media na combinación lingüística inglés > español (tradución 100% directa), sensibilizarse cos aspectos culturais dalgunha das comunidades de falantes da lingua estranxeira e desenvolver as súas habilidades e competencias profesionais na tradución de textos xerais de dificultade media redactados en inglés. Enténdese que o alumno está familiarizado cos principios metodolóxicos básicos da tradución, da tradución do inglés ao español (adquiridos a partir da materia □Tradución Idioma 2, 1 inglés-español□) e que posúe coñecementos razoables das linguas de traballo. Dado que o inglés é a súa segunda lingua estranxeira, suponse que a súa competencia cultural no contexto das comunidades angloparlantes está nun nivel baixo-medio.			

Competencias

Código	
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
CE1	Dominio de linguas estranxeiras
CE2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
CE3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
CE4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
CE8	Destreza para a procura de información/documentación
CE17	Capacidade de tomar decisións
CE18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
CE22	Destrezas de tradución
CE27	Capacidade de razoamento crítico
CE29	Formación universitaria específica
CE33	Dominio oral e escrito da lingua propia
CT4	Resolución de problemas
CT7	Toma de decisións
CT9	Razoamento crítico

CT14	Motivación pola calidade
CT17	Comprensión doutras culturas e costumes
CT22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
CT23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Competencias metodolóxicas: desenvolver as habilidades de crítica e autocrítica de traducións; identificar e explotar a potencialidade dos repertorios das culturas orixinal e termo.	CB1 CB2 CB3 CB4	CE1 CE3 CE17 CE18 CE27 CE33	CT4 CT7 CT9 CT14
Competencias contrastivas: dominar as diferenzas das convencións de escritura ortotipográfica e estilística das dúas linguas e das súas culturas; dominar os elementos de interferencia léxica e discrepancia morfosintáctica; dominar as diferenzas dos mecanismos de coherencia e cohesión na construción textual nas dúas linguas; coñecer as diverxencias e coincidencias das culturas.		CE1 CE2 CE4 CE29	CT4 CT17
Competencias textuais: desenvolver a capacidade para traducir textos de carácter xeral (diversas tipoloxías de uso común: literatura, medios de comunicación, medios audiovisuais, etc.		CE1 CE2 CE4 CE8 CE17 CE18 CE22 CE27	CT4 CT7 CT9 CT22 CT23

Contidos

Tema	
1. Repaso de conceptos e terminoloxía do curso anterior e fontes de consulta para a tradución inglés / español (II).	1.1. Problemas e estratexias de tradución 1.2. Fontes de documentación en formato papel, electrónicas, en rede e textos paralelos
2. Cultura e tradución	2.1. Tradución de intertextualidade 2.2. Tradución de referencias culturais 2.3. Tradución do humor
3. A tradución de textos	3.1. Textos expositivos 3.2. Textos exhortativos
4. Contextos culturais (II): Estados Unidos e Australia	4.1. Culturas dos Estados Unidos 4.2. Cultura australiana
5. Control de calidade (II)	5.1. Análise crítica e avaliación de traducións
* IMPORTANTE: A materia esixe que o estudante traballe pola súa conta os elementos de lingüística contrastiva inglés / español nos niveis ortotipográfico, léxico, morfosintáctico e estilístico.	(*)

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos de aula	6	0	6
Prácticas autónomas a través de TIC	6	12	18
Resolución de problemas	15	45	60
Lección maxistral	12	24	36
Traballo tutelado	0	25	25
Actividades introdutorias	6	17	23
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	3	4	7

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos de aula	Realizaranse traducións/exercicios sobre cultura dos países anglófonos na aula periodicamente.

Prácticas autónomas a través de TIC	Cada unidade terá unha batería de exercicios/problemas de tradución que os alumnos deberán realizar individualmente ou en grupos, dependendo das instrucións dadas en clase. Esta tarefa poderán realizala na aula ou en biblioteca, titorizados en tempo real a través de faitic pola profesora.
Resolución de problemas	Cada unidade terá unha batería de exercicios/problemas de tradución que os alumnos deberán realizar individualmente ou en grupos, dependendo das instrucións dadas en clase. Esta tarefa poderán realizala na aula ou en biblioteca, titorizados en tempo real a través de faitic pola profesora.
Lección maxistral	A profesora presentará os contidos teóricos mediante presentacións de power point. Serán sesións, en calquera caso, moi participativas con abundantes estudos de caso que clarifiquen os puntos teóricos.
Traballo tutelado	Os alumnos han de realizar unha encomenda de tradución cuxas instrucións se darán na derradeira sesión do curso. Disporán dunha semana para entregalo.
Actividades introdutorias	A profesora explicará detalladamente a guía docente, con especial atención ao apartado de contidos e avaliación. Os alumnos de intercambio haberán de realizar unha proba de nivel. Dependendo dos resultados, recomendaráselles (ou non) matricularse na materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	A profesora atenderá ao alumnado tanto na clase como nas titorías, presencialmente, vía mail ou por skype.
Actividades introdutorias	A profesora atenderá ao alumnado tanto na clase como nas titorías, presencialmente, vía mail ou por skype.
Traballo tutelado	A profesora estará a disposición dos alumnos para calquera dúbida que poida xurdir en relación co traballo de curso, tanto en horas de titorías presenciais como por correo electrónico.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballos de aula	Avaliaranse conxuntamente coas prácticas en aulas de informática e as prácticas autónomas a través de TIC. TERANSE EN CONTA PARA PRECISAR A NOTA FINAL.	5	CB1 CE1 CT4 CB2 CE2 CT7 CB3 CE3 CT9 CB4 CE4 CT14 CE8 CT22 CE17 CT23 CE18 CE22 CE27 CE33
Prácticas autónomas a través de TIC	Avaliaranse conxuntamente coas prácticas en aulas de informática e os traballos de aula. TERANSE EN CONTA PARA PRECISAR A NOTA FINAL.	5	CB1 CE1 CT4 CB2 CE2 CT7 CB3 CE3 CT9 CB4 CE4 CT14 CE8 CT22 CE17 CT23 CE18 CE22 CE27 CE33
Resolución de problemas	Avaliarase a resolución dos problemas e exercicios propostos para cada unidade.	20	CB1 CE1 CT4 CB2 CE2 CT7 CB3 CE3 CT9 CB4 CE4 CT14 CE8 CT22 CE17 CT23 CE18 CE22 CE27 CE33
Traballo tutelado	O alumno deberá facer unha encomenda de tradución cuxas instrucións se entregarán na derradeira sesión do curso. Disporá dunha semana para entregala.	20	

Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Consistirá nunha proba teórico-práctica de resolución de problemas puntuais de tradución a presentados a través de microtextos semellantes aos estudados na clase. O alumno poderá levar material de apoio ao exame (power points, apuntamentos, internet, dicionarios etc.).	50	CE1 CE2 CE3 CE4 CE8 CE17 CE18 CE22 CE27 CE33	CT4 CT7 CT9 CT14 CT22 CT23
---	---	----	---	---

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua:

A avaliación continua é a modalidade de ensino esperable. Enténdese que un alumno segue a avaliación continua se presenta todos os traballos en tempo e forma e realiza as probas propostas na materia. Aqueles alumnos que non desexen acollerse a esta avaliación (e, por tanto, fagan á avaliación única) deberán comunicalo por escrito durante as primeiras dúas semanas de clase.

Se, por causa de forza maior (traballo, enfermidade) debidamente xustificado, o estudante non puidese seguir a avaliación continua a pesar de escoller esta opción, poderá acollerse á avaliación única.

O alumnado acollido á avaliación continua que non supere a materia e teña que acudir á convocatoria de xullo debe superar un exame con todos os contidos do curso.

Penalizarase a copia e o plaxio.

Avaliación única:

O alumnado que non se acolla á modalidade presencial (avaliación continua) poderá acollerse á única. Nese caso, a avaliación realizarase por medio dunha única proba consistente nun exame que terá lugar o último día de clase (coincidindo co de avaliación continua). De non superar a materia na primeira edición de actas, disporá dunha segunda oportunidade en xullo (2ª edición de actas). Nese caso, a proba terá lugar na data fixada pola facultade.

O exame final incluírá cuestións teóricas e prácticas relativas á totalidade de contidos abordados ao longo do cuadrimestre. A nota mínima que se require para superar esta proba é de 5 sobre 10. Como material de apoio para o exame poderase levar computador e todo tipo de obras de consulta. Os exercicios do exame realizaranse en papel. O exame constará dun exercicio de tradución de entre 200 e 250 palabras (60%), varios exercicios sobre problemas/estratexias de tradución e unha (posible) pregunta de control de lectura (40%).

Penalizarase a copia e o plaxio.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Baker, Mona e Gabriela Saldanha, **Routledge encyclopedia of translation studies**, London: Routledge,

Gouadec, Daniel, **Translation as a Profession**, Amsterdam [etc.]: John Benjamins,

López Guix, J.G. e J. Minett, **Manual de traducción inglés > castellano**, Barcelona: Gedisa,

Nord, Ch., "Text Analysis in Translator Training", en **Dollerup, C. e A. Loddegaard (eds.). Teaching Translation and Interpreting**, Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins Pub., 40-45,

Nord, Ch., **Translating as a Purposeful Activity: Functionalist Approaches Explained.**, Manchester: St. Jerome,

Toury, Gideon, **Descriptive Translation Studies and Beyond**, Amsterdam/Philadelphia: John Benjamins Pub,

Baker, Mona, **A Course on Translation**, London: Routledge,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Tradución idioma 2, III: Inglés-Español/V01G230V01610

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Ferramentas para a tradución e a interpretación III: Terminoloxía/V01G230V01518

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma 2, IV: Inglés/V01G230V01405

Tradución idioma 2, I: Inglés-Español/V01G230V01410

Outros comentarios

Para poder cursar con aproveitamento esta materia é recomendable aprobar en Idioma 2, IV Inglés.

**** NON SE RECOMENDA QUE SE MATRICULEN NA MATERIA Os ALUMNOS DE INTERCAMBIO QUE NON SUPEREN A PROBA DE NIVEL INICIAL**
